A CAÍDA DO IMPERIO ROMANO

No ano 476 D. C. o Imperio romano de Occidente cae nas mans dos pobos xermánicos, e comeza a Idade Media. O Imperio romano de Oriente durará ata o 1453 D. C., ano no que os turcos logran o seu control. Causas da caída do Imperio Romano:

- **Aumento dos inimigos externos.** Producíronse numerosos combates e guerras.
- **Inestabilidade política.** Os militares loitaron contra os pobos bárbaros.
- **Descontento nas provincias máis afastadas de Roma.** Estes territorios querían obter a totalidade dos poderes.
- **Desigualdades sociais.** O Imperio romano de Oriente volveuse máis rico que o Imperio romano de Occidente.
- **Aumento de impostos.** A sociedade sufriu un aumento de impostos para poder costear as constantes guerras e provocou un conflito social.

- **Migracións.** As persoas abandonan o rural cara ás cidades.
- **División do Imperio.** O Imperio romano divídese en dous: Occidente e Oriente.

CONSECUENCIAS DA CAÍDA DO IMPERIO ROMANO PARA A PENÍNSULA IBÉRICA E A UNIÓN EUROPEA

En realidade o Imperio Romano non caeu, senón que se desfixo.

Tras varios séculos de presenza na península Ibérica, **o Imperio Romano experimentou no século III D. C. unha profunda crise económica**, política e social. O imperio debilitouse e entraron pobos bárbaros na Península -suevos, alanos, vándalos- e o seu posterior asentamento nela. De entre todos estes pobos bárbaros, **os visigodos foron os que estableceron unha mellor relación con Roma**, o que lles permitiu tomar lentamente o relevo no control da península Ibérica.

O Feudalismo e a sociedade estamental

Na Idade Media as autoridades dividíanse socialmente en catro estamentos.

Esta organización social chamouse **FEUDALISMO.**

Rei: Ten a máxima autoridade e controla todo o reino.

A nobreza: guerreiros e os nobres.
Os nobres traballaban no castelo e os guerreiros loitaban na guerra.
Os dous tipos de nobreza o traballaban e loitaban a cambio de que o rei lles conceda terras e poder.

O clero: Eran bispos, monxes, sacerdotes e abades que se dedicaban ao ensino da cultura.
Dividíanse en dous grupos clero alto eran os bispos e abades e clero baixo formado por monxes e bispos.

Os Campesiños: Traballaban nas terras do rei para pagar os impostos. A cambio o rei ofrecíalles protección.



ASENTAMENTOS NA PENÍNSULA IBÉRICA

Asentáronse, principalmente, os suevos e os visigodos. Os suevos habitaron durante 170 anos ao noroeste peninsular, Gallaecia, ata que Leovixildo, rei visigodo, conquistou estes territorios.
Tanto os suevos como os vándalos e os alanos asentáronse na península Ibérica con anterioridade á caída do Imperio romano, concretamente no ano 409 d. C. Os suevos chegaron ata O Porto, establecendo a súa capital en Braga. Os seus principais asentamentos urbanos foron precisamente estas cidades.
No ano 585 d. C. Leovixildo, rei visigodo, anexionarase ao reino dos suevos.

O REINO VISIGODO

A finais do século V, o Imperio Romano foi ocupado polos pobos xermánicos, procedentes do norte e do leste de Europa. Uns destes pobos, os ***visigodos***, ocuparon a península Ibérica durante o século VI. Os ***visigodos*** chegaron a península no ano 507.
Ao principio eran aliados dos romanos e, tras enfrontarse violentamente aos outros pobos xermánicos asentados nela con anterioridade, conseguiron expulsalos. Despois, fundaron outro reino **independente**, con capital en **Toledo** que aglutinaba toda a Península Ibérica.

O reino ***visigodo***, que perdurou no século VI ata o século VIII, unificou a maior parte do territorio peninsular baixo unhas mesmas leis e una mesma relixión: O ***cristianismo***

A ARTE VISIGODA

En arquitectura limítanse a construcións relixiosas de pequenas igrexas. Nesta etapa transfórmanse os templos pagáns en Igrexas Cristiás.

Igrexa de santa Comba

Estas construcións caracterízanse por:

Muros: Moi pobres, de mampostería e en moitas ocasións sen utilizar ningún tipo de elemento de unión. Non utilizaban contrafortes xa que os muros tiñan gran grosor.
Pilares rectangulares e reutilización de columnas romanas, aproveitando tamén os capiteis.
Arcos: De medio punto, pero sobre todo o Arco de Ferradura Visigodo que logo pasa aos Musulmáns.
Cubertas: Planas de madeira.
Bóvedas de canón. Abren poucas ventás e as que hai son dun só oco.
Decoran as Igrexas con **esculturas** sobre todo de motivos vexetais, animais fantásticos e nalgunha excepción usan a figura humana, pero a forma de decoración máis destacada é a ourivaría.
As pinturas son inexistentes excepto nos libros miniados (a man).

Destaca a ourivaría (fabricación de xoias con metais e pedras preciosas)

MUSULMÁNS

Os musulmáns invadiron a península Ibérica despois dos visigodos. Esta época influíu en numerosos aspectos da cultura na Península, por exemplo, na arquitectura, con edificios como a mesquita de Córdoba.

Invasión Musulmá e Emirato

No ano 711 os musulmáns entraron na península Ibérica para invadila. Será no ano 711, na batalla de Guadalete, cando o derradeiro rei visigodo morre a mans dos árabes e dos bérberes. En pouco tempo espállanse pola Península. Ao cabo de 15 anos de loita, a Península, coa excepción das zonas cántabras e montañosas, quedará sometida ao poder do califato de Córdoba, converténdose nun emirato deste. Xorde así Al-Ándalus.



AL-Ándalus era unha provincia ou Emirato, gobernado por un emir do grande Imperio Islámico con capital en Damasco e, máis tarde en Bagdad.

O emirato independizarase do poder central baixo o poder de Abderramán I. Dende o ano 756 e ata o ano 929 funcionará como tal e establecerá a súa capital en Córdoba.

O Califato de Córdoba

Durante o ano 929, o emirato árabe do Al-Ándalus converterase no califato de Córdoba grazas a Abderramán III, gozando así da súa época máis esplendorosa. A partir dese momento, Al-Ándalus pasa a ser un reino que non depende xa do califato de Damasco, pasando a ser independente política e relixiosamente.

Os reinos de Taifas

No século XI, concretamente no ano 1031, o califato de Córdoba dividiuse en 27 reinos independentes, cada un co seu correspondente rei. Son os chamados reinos de **Taifas**. Estes pequenos reinos estaban enfrontados aos reinos cristiáns do norte. A situación dos taifas era máis débil e pouco a pouco foron reducíndose en número. O último reino musulmán da Península foi o chamado reino nazarí de Granada.
Os cristiáns rematarán de reconquistar a Península, coa conquista de Granada, o 2 de xaneiro de 1492.



Cultura e arte musulmáns

A Cultura Musulmá foi unha das mais avanzadas da Idade Media. Os coñecementos dos musulmáns eran moi amplos.

- ✓ En matemáticas. Difundiron o concepto e o uso do numero 0.
- ✓ En astronomía. Desenvolveron instrumentos como o compás e o astrolabio, útiles para a navegación.
- ✓ En medicina. Introduciron hábitos de hixiene e diatéticos para previr enfermidades. Ademais, realizaron operacións cirúrxicas aplicando técnicas de cirurxía e anestesia.
- ✓ En literatura. Os autores musulmáns escribiron obras poéticas e filosóficas de gran beleza.
- ✓ En música. Crearon instrumentos novos e modificaron outros.

ARTE MUSULMÁ

A mediados do século **XIX** empézase a estudar a arte islámica e a mediados do século **XX** comeza a arte propia dos islámicos aparecendo os primeiros museos.

Na arte musulmá destaca a **arquitectura**. Os principais edificios son as **mesquitas** e os **palacios.** Características**:**

- ✓ Emprego do **arco de ferradura.**
- ✓ Uso de materiais pobres **(barro, madeira, xeso...).**
- ✓ Elementos decorativos **xeométricos (círculos, triángulos, orlas)** ou **vexetais (follas, pólas de árbore...).**
- ✓ **Xeserías**, decoracións elaboradas con xeso**.**

A **pintura** e a **escultura** tiveron pouco desenvolvemento, pero si a tivo o mosaico que adornaba as **paredes** e **chans** dos edificios**.**

OS CRISTIÁNS

A orixe e formación dos reinos cristiáns

No día 28 de maio de 722 tivo lugar a batalla de Covadonga. Don Pelaio enfrontouse aos musulmáns con 300 soldados galegos, asturianos e vascos, e venceron ao exército invasor, polo que o norte da Península non foi conquistado polos árabes. A partir deste combate creáronse diferentes reinos cristiáns co único propósito de expulsar aos musulmáns de Galicia, León, Castela, Navarra, Aragón e os condados cataláns .

A expansión dos reinos cristiáns

Os reinos cristiáns expandiron os seus dominios cara o sur no territorio dominado polos musulmáns. Para iso tiveron que conquistar as terras de Al Ándalus. Este proceso histórico coñecese como **Reconquista.**

Na súa expansión cara o sur , as novas terras conquistadas eran repoboadas con campesiños cristiáns. Paralelamente, os reinos cristiáns foron variando co paso do tempo: Castela e León uníronse; Portugal independizouse; Aragón e os condados cataláns uníronse e formaron a coroa de Aragón.

Un dos avances cristiáns máis importantes foi a vitoria da batalla das Navas de Tolosa (1.212), que marca a crise da hexemonía musulmá na Península Ibérica. Non obstante o reino de Granada mantívose ata 1442.

Os mudéxares Para reforzar o seu dominio sobre os territorios conquistados, os monarcas cristiáns permitiron que se instalaran habitantes cristiáns, para reforzar o dominio nos territorios conquistados. Nalgúns núcleos do mesmo, viviron habitantes musulmáns, chamados mudéxares.

A sociedade

A sociedade dos reinos cristiáns na Idade Media estaba dividida en tres grupos ou estamentos: a nobreza, o clero e os campesiños e artesáns. A nobreza e o clero tiñan multitude de privilexios fronte aos campesiños e artesáns. Esta sociedade estamental estaba caracterizada polo inmobilismo, é dicir, non se podía pasar dun estamento a outro.

A CULTURA CRISTIÁ

A cultura desenvolveuse nos mosteiros, para pasar máis tarde ás universidades e ás escolas catedralicias, situadas nas cidades. A lingua utilizada no ensino e na Igrexa era o latín. Tamén empezaron a empregarse outras linguas que falaban os habitantes das distintas poboacións: francés, italiano, castelán...
Na Idade Media a maioría da poboación era analfabeta e a cultura reducíase ao ámbito dos mosteiros e o clero.

CENTROS CULTURAIS

OS MOSTEIROS E AS UNIVERSIDADES

A vida nos mosteiros

Homes e mulleres dedicaban a súa vida ó servizo de Deus. Algúns habitaban nos mosteiros.
Os **mosteiros** tiñan diversas edificacións en torno á Igrexa: corte, muíño... Os labores diarios dos monxes repartíanse entre a oración, o traballo e o estudo. Uns encargábanse do coidado dos campos ou da elaboración de produtos artesanais, cervexa, matanza, pan... Outros dedicábanse o estudo e encargábanse de copiar manuscritos.

A Igrexa tiña un papel moi importante na sociedade. O clero foi o depositario da cultura intelectual na Idade Media. Os mosteiros e as escolas serviron como centros de estudo ata a creación das universidades.

As **universidades** eran institucións que conseguiron, de forma progresiva, un status de independencia. Podían ser de dous tipos dependendo da natureza das mesmas: as Maiores, fundadas polo poder real e as Menores polos prelados.

Independentemente da súa titularidade, en ambas estudiábanse as sete Artes Liberais: o **trívium** (as aprendizaxes xerais e destrezas intelectuais para ensinarlles a pensar, para desenvolverlles o criterio propio e preparalos para a autoaprendizaxe) e o **cuadrivium** (disciplinas científicas que proporcionaban os elementos para coñecer e dominar o mundo exterior).

Arte cristiá

Destacou en dous estilos:

Arte románico

Arquitectura

Desde o século X ata o XII, na península Ibérica e no resto de Europa, construíronse igrexas, mosteiros e catedrais baixo o mesmo estilo arquitectónico: o románico.

A arquitectura románica presenta as seguintes características:

- edificios de mediana altura
- ventás pequenas
- arcos semicirculares
- igrexas pouco iluminadas
- muros moi grosos
- fachadas decoradas con relevos e un campanario.
- paredes e teitos pintados por dentro con murais que facían referencia a escenas relixiosas.

Dous feitos de importancia social e relixiosa foron relevantes para o desenvolvemento desta arte:

Atopamos o fenómeno popular que se espallou no momento da longa peregrinación a Santiago de Compostela, Roma e Xerusalén. Podemos encontrar arte románico en Campo Lameiro, Baiona, Castrelos etc...

Na Península este estilo está estreitamente relacionado co Camiño de Santiago. De feito, a Catedral de Santiago é o monumento máis representativo, aínda que tamén ten influencias doutros estilos arquitectónicos.

Escultura

O papel da escultura románica era decorar os templos, ademais, tiña a intención de comunicar unha mensaxe.

As esculturas románicas representaban a reacción máis completa fronte ao naturalismo clásico. As figuras tiñan unha tremenda espiritualidade.

Arte Gótico

Arquitectura

A partir do século XII xorde en Francia o Gótico, xusto no esplendor do Románico. Este estilo durará ata o século XVI.

A arquitectura gótica presenta as seguintes características:

- edificacións máis altas e verticais
- espazos moi luminosos
- a vidreira será unha característica esencial do gótico
- arcos oxivais
- fachadas moi decoradas mediante esculturas
- grandes fiestras que deixan pasar a luz
- un rosetón, que é unha fiestra circular, con vidreiras
- arbotantes, un elemento estrutural exterior con forma de medio arco
- gabletes, un elemento decorativo
- pode ter gárgolas



Escultura

A escultura caracterizase pola expresividade no rostro e a esvelteza das súas figuras.

As pinturas son máis realistas que no Románico, con escenas variadas.

No Gótico xa non se representan só escenas relixiosas, senón que tamén prodúcese unha certa apertura cara ao civil.

Xudeus

A historia dos xudeus en España comeza na Hispania romana. Na España medieval os xudeus constituíron unha das comunidades máis prósperas da súa historia, tanto baixo o dominio musulmán como, posteriormente, nos reinos cristiáns, antes de que en 1.492 fosen expulsados polos reis católicos.

CULTURA XUDÍA

A cultura xudía, como todas as culturas, ten as súas características propias (vestimenta, idioma crenzas...) e ao estar na nosa sociedade na que existe unha gran diversidade cultural pode influír no xudaísmo de distintas maneiras: con tolerancia ou intolerancia, valorando o propio e rexeitando o estraño (Etnocentismo) ou con indiferenza (Relativismo cultural).

A cultura xudía permitiu a transmisión de coñecementos entre os musulmáns e os cristiáns. Participaron na **Escola de Tradutores de Toledo.** Traducíronse ao Latín e linguas románicas as grandes obras en Árabe que chegaron a Península.

VIVENDAS XUDÍAS

A vivenda máis común nos burgos e pequenas cidades era dunha ou dúas plantas, case sempre construída con adobe ou armazón de madeira e adobe, e en poucas ocasións, debido ao seu maior coste, estaba construída de pedra. En aqueles lugares onde era abundante a pedra, loxicamente, foi máis utilizada na vivenda de tipo medio.

A partir do século XIV increméntase o número de vivendas de dúas plantas.

REINO DE GALICIA

Etapas do reino de Galicia.

Desde a súa incorporación ao reino dos Asturias, Galicia pasou por breves etapas nas que foi un reino independente: o reino de Galicia. Despois integrouse no reino de León e co tempo no de Castela.

- desde o ano 910 ata 914, Galicia foi reino con Ordoño II como rei.
- desde o 926 ata o 929 reinou en Galicia Sancho Ordóñez.
- entre 1065 e 1072 , don García foi rei de Galicia e estableceu a sede do seu reino na vila de Ribadavia (Ourense). O reino galego perdeu a súa independencia e integrouse no reunificado reino castelán–leonés.
- a última etapa na que Galicia foi reino, transcorreu no 1111 e o 1126 baixo o reinado de Afonso Raimúndez, que foi corado polo arcebispo Xelmírez na catedral de Santiago .

O territorio do reino de Galicia abranguía as terras actuais e o norte de Portugal ata Coimbra. Pero a comezos do século XII, Galicia queda co territorio que ocupa na actualidade.

As Revoltas Irmandiñas

Durante o século XV os campesiños, comerciantes e artesáns víanse oprimidos polos señores feudais e polos bispos: pagábanlles impostos e dábanlles parte das colleitas, porque cultivaban terras que non lles pertencían, xa que eran propiedade dos señores.

Ademais, tiñan que facer fronte aos asaltadores de camiños que moitas veces estaban protexidos polos propios nobres, a cambio de parte do botín. Todos estes problemas fixeron que durante os anos 1467 ata o 1469 xurdisen as Revoltas Irmandiñas. Os **campesiños e artesáns** organizábanse en asociacións para loitar contra a opresión dos nobres.
Despois de moitas vitorias e durísimas batallas, os irmandiños foron derrotados e xulgados.

Era Compostelá

No século XII comeza a época de esplendor da cidade de Santiago, a chamada era compostelá, co importante impulso de Xelmírez e co auxe da peregrinación a tumba do apóstolo a través do camiño de Santiago. **Compostela** chegou a converterse nun dos centros relixiosos e culturais máis importantes de Europa. Foi unha das épocas de maior esplendor económico e cultural en Galicia.
Creáronse un gran número de núcleos urbanos ao carón do Camiño de Santiago a partir das hospedarías, hospitais e mercados para atender os peregrinos. Estes núcleos, á vez, impulsaron as actividades comercial e artesanal.

O arcebispo **Xelmírez** ordenou escribir o **códice Calextino** e a historia de Compostela.

CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reino de Galicia no ano 1065.

O camiño de Santiago

Ao longo do camiño de Santiago:

No ano 813 descubriuse o sarcófago do apóstolo Santiago. Este feito vai converter a Santiago nun centro de peregrinación dos cristiáns de Europa.
Ao longo do camiño, existe un tipo moi concreto de arquitectura: hospitais, albergues, igrexas, catedrais, pousadas de estilo románico e gótico...
A catedral de Santiago comeza a construírse no ano 1.211. A catedral ten unha singularidade especial, xa que a pesar e de ser románica (Non en todas as súas áreas) ten moita altura.

Que é o camiño de Santiago:

Existen varios camiños, polos que se desprazaban os peregrinos cristiáns de Europa ata a tumba do apóstolo Santiago, en Compostela. O camiño de Santiago permitiu o intercambio cultural e artístico da península co resto de Europa.

O camiño de Santiago en Francia:

É unha ruta que discorre polo norte da península entre a fronteira con Francia e Santiago de Compostela. Os peregrinos que viñan a Santiago de Compostela chegaban de todos os países de Europa. Viñan por rutas diferentes, que se xuntaban en Francia, dando lugar a catro vías principais.
Os catro camiños franceses chegan ata os Pireneos. Alí tres deles únense para cruzar ata España por Roncesvalles. O cuarto atravesa os montes máis ó leste por Somport, preto de Xaca.
Cando chegan a territorio español, os catro camiños franceses convértense en dous: O Camiño Navarro e o Camiño Aragonés.

Cando empezar a facer o camiño: Pódese facer en calquera época do ano, pero o mellor e facelo o 25 de xullo, festividade do Apóstolo Santiago e Día de Galicia.